

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 15, 12-17

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos:

– «Este é o meu mandamento: que vos amedes uns a outros como eu vos ameí.

Ninguén ten amor meirande ca este: que un dea a súa vida polos amigos. Vós sodes amigos meus, se facedes canto eu vos mando.

Xa non vos chamo servos, que o servo non sabe o que fai o seu señor: a vós trateivos de amigos, pois todo o que lle oín a meu Pai déivolo a coñecer.

Non me escollestes vós a min, senón que vos escollín eu a vós; e púxenvos para que vaiades e levedes froito e o voso froito permaneza; de xeito que todo o que lle pidades ó Pai no meu nome, volo conceda.

Mándovos isto: que vos amedes uns a outros.»